

**ANEXO VI. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CUMPRIMENTO DO PRINCIPIO DE NON CAUSAR PREXUÍZO SIGNIFICATIVO AO MEDIO AMBIENTE (PRINCIPIO “DO NO SIGNIFICANT HARM” – DNSH)**

<b>Denominación convocatoria</b>	da	Axudas á dixitalización Industria 4.0 para o ano 2023, susceptibles de ser cofinanciadas no marco do programa operativo Feder Galicia 2021-2027
<b>Obxectivo político</b>		1. Unha Europa máis competitiva e intelixente, promovendo unha transformación económica innovadora e intelixente e unha conectividade rexional ás tecnoloxías da información e das comunicacións
<b>Obxectivo específico</b>		1.2. Aproveitar as vantaxes que ofrece a dixitalización aos cidadáns, ás empresas ás organizacións de investigación e ás administracións públicas
<b>Liña de actuación</b>		1.2.01. Axudas á dixitalización avanzada das empresas galegas, incluídas as entidades do terceiro sector.
<b>Ámbito de intervención</b>		013. Dixitalización de pemes (incluídos o negocio e o comercio electrónicos e os procesos empresariais na rede, os polos de innovación dixital, os laboratorios vivintes, os ciberempresarios, as empresas emerxentes baseadas en TIC, o comercio electrónico entre empresas).

D./D<sup>a</sup> ....., con NIF....., por si mesmo/a ou en representación da entidade ....., con NIF ....., en calidade de .....

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE**

Que co obxecto de garantir o cumprimento do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente (principio “do no significant harm” – DNSH) cumprirá as seguintes condicións:

a) As actividades obxecto de subvención non ocasionarán un prexuízo significativo aos seguintes obxectivos ambientais, no sentido do artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088:

- Mitigación do cambio climático.
- Adaptación ao cambio climático.
- Uso sostible e protección dos recursos hídricos e mariños.
- Economía circular, incluídos a prevención e a reciclaxe de residuos.
- Prevención e control da contaminación á atmosfera, a auga ou o chan.
- Protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas.

b) As actividades obxecto de subvención cumprirán a normativa ambiental vixente que resulte de aplicación.

c) *As actividades que se desenvolverán non causan efectos directos sobre o medio ambiente, nin efectos indirectos primarios en todo o seu ciclo de vida, entendendo como tales aqueles que puidesen materializarse tras a súa finalización, unha vez realizada a actividade.*

d) *Cumprirá todo o indicado nas bases reguladoras da convocatoria da subvención relativo á aplicación do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente.*

*E para que conste, asina a presente declaración.*

*En....., a ..... de ..... de ..... (Lugar, data, sinatura do representante e DNI)“*